


# PALLARES



REVISTA ESCOLAR EDITADA POLO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO COLEXIO PÚBLICO DE GUNTÍN E SUBVENCIONADA POLO GABINETE PROVINCIAL DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CURSO: 1996/97

# SUMARIO:

- EDITORIAL
- ANXO FOLE
- DE VIAXE
- ESCULCANDO NO PASADO:  
As zocas, os muíños, o Piño...
- AS NOSAS PRODUCCIONES:  
Contos, "comicos", poesía, debuxos...
- NOVAS DA LOCALIDADE
- ENTREVISTAS:  
Dna Mari, Iván Campon.
- OUTRAS ACTIVIDADES:  
Teatro, música, libros...
- DEPORTES
- HUMOR
- PASATEMPOS
- DESPEDIDA

# EDITORIAL

Ola amigos:

Xa ven que estamos aquí un ano máis gieis á mosa cita de elaboración deste xornal coa ilusión de achega-la escola ata todos fogares e nescan que ademais de estudio, exames deberes... tamén facemos outras cousas: níaxes, deportes... Se seguén connosco ata o final destas páximas verán como eles resulta interesante e divertido o que melos exponemos, alomemos esa é a mosa intención.

Aquí tenen, pais, mas suás mans un xornal que foi feito exclusivamente por nós, polo tanto pedimos que mos saibam disculpa - los fallos.

Este ano o día das Letras Galegas está adicado ó lucense Amxo Fole, mos tamén mos sumamos a homenaxealo, e a el brindámoslle este novo número de PALLARES.

## As ZOCAS.

Esta profesión antes era importante porque as zocas son un calzado moi abrigoso e duran bastante pero agora hai zapatos e apenas se ven. Os zoqueiros fan facendo as zocas polas casas ou fanas vendendo polas feiras, pero tamén había algúns que as vendían na casa.

A madeira máis aceitada para facelas é a de bidallo, posto que é dícil, granda e non fende.

### A preparación das zocas?

As zocas fanse labrando unha peza de madeira, faise a sua figura por fóra e excavanse para facela forma do pé. Pálense cunha couteira ben afiada, e se se quere, pódeseelle pasa-la lioca. E por último rebocanse pola superficie da boca para que non manquen.

Tamén se lles poden poner unhas gomas ou cravos nas solas para que non rompan tan fácil.

### Ferramenta adecuada

A picola, machado; e para escavar un trade, un alegre e a trencha.

Así se elaboran as zocas.

Rocío Fedez

Igat

## ANXO FOLE SÁNCHEZ



Naceu na cidade de Lugo o 11 de agosto de 1903.

Cursa os seus primeiros estudos no Colexio dos Maristas e o bacharelato no Instituto. En Valladolid e Santiago estudia Dereito e Filosofía e Letras, carreiras que non chega a rematar. Adícase a escribir comezando con colaboracións xornalísticas. Chegaron a ser numerosos os artigos que publicou en

distintos xornais ó longo da súa traxectoria.

Nos anos da posguerra vive en Quiroga, Incio e Caurel, circunstancia que o pon en coñecemento directo co rural galego que tanto lle ía aportar á súa narrativa.

Destaca como escritor de relatos e contos cúnhas características peculiares que son: o humor, a forma de narrar coma se estivese falando; a temática de medo, misterio, telepatía, premonicións e todo tipo de fenómenos semellantes relacionados coa tradición galega amiga de contar contos nas longas noites de inverno.

As súas coleccións de relatos e contos son:

"A LUS DO CANDIL", "HISTORIAS QUE NINGUEN CRE",  
"TERRA BRAVA" e "CONTOS DA NEBOA" e unha peza teatral  
"PAUTO DO DEMO"

Morreu en Lugo no ano 1986.

Marcos  
Jena Teijeiro

~~Alfonso  
Gómez~~

Marcos  
Fernández

### "limerik"


Trátase dun escritor,  
un home de bo humor.

Famoso na literatura galega  
da narrativa da posguerra.  
¡Ai, que importante autor!

D. J. U.R. Ester P.U.

## DATAS IMPORTANTES NA BIOGRAFIA DE ANXO FOLE

- 1903- Nace en Lugo.  
1928- Publica primeiro artigo periodístico "La Provincia".  
1929- Publica segundo artigo en "El Progreso".  
1930- Funda o semanario "Ahora".  
1935- Entra no Partido Galeguista.  
1940- Colabora en "Noche"" e "Faro de Vigo".  
1941- Marcha ás terras da montaña luguesa.  
1953- Sae "A lus do candil".  
1955- Publicase "Terra brava".  
1957- Volve a "El Progreso".  
1958- Publica "Pauto do demo".  
1962- Entra na Real Academia Galega.  
1970- Crea a famosa sección "Táboa Redonda" en "El Progreso".  
1977- Pensión vitalicia da fundación "Barrié de la Maza".  
1981- Publica "Histórias que ninguén cre".  
1983- Foi nomeado candidato ó premio Nobel.  
1985- Recibe a medalla Castelao.  
1986- O seu pasamento en Lugo.



# Viaxe á Ría de Arousa

O mércores pola mañá  
tivemos que madrugar,  
estabamos moi ledos  
porque íamos viaxar.






A mañá estaba chuviosa  
e gíxose longo o camiño  
porque o conductor  
tivo que ir despacío.

Montamos nun barco  
chamado catamarán  
no que aprendemos  
algo máis sobre o mar.

¡Marabilloso o fondo mariño  
peixes, pedrinas, algas, estrelas...!

E sobre a superficie  
¡Ai, cantas bolas!

Tamén nos levaram á Toxa,  
unha illa pequena pero preciosa,  
ali somos comer  
e moitos recordos puidemos traer.



Na cima dunha montaña  
estaba Siracella,  
un museo da natureza,  
además doutras cousas  
ali vimos a osamenta dunha balea;

e divisábase unha paisaxe immensa.

Logo gomos ata Sanxenxo

para tomar un refresco  
pois o día púxose bo  
e ata gacia calor.

Despois de todo isto ver  
o bus volvemos collecer  
e agónicos de moito cantar  
a Gontín chegamos sen nos decatar.

Regresamos moi cansos


pero non decepcionados

e démoslle as gracias ó Alcalde  
xa que esta excursión foi de balde;  
e ós profesores por nos acompañar  
porque moito os gixemos rabiou,

pero a pesar de todo

esperamos que nos volvan levar


antes de este curso rematar.



H.º Alcda V.G.

A.º Gontín

Rocío Teijeiro  
Raquel



Ilustradores:  
Bea

Pedro L.

## OS MUIÑOS DE AUGA

Había 2 clases: os chamados "relos" que eran de varios veciños e tiñan asignados os días que lles tocaba moer a cada un; ~~e as~~ "aceñas" que eran industriais polo cal o muiñeiro percibía a maquía, parte de gran que cobraba polo traballo.

Ambos estaban situados a carón dos ríos onde había un desnivel e facíase un canalón, no caso dos relos, para conduci-la auga que chegaba con forza ata o rodicio, peza fundamental no movemento das pedras que trituraban o gran para saca-la fariña; e nas aceñas había ademáis un estanque de auga.

A xente viña ós muíños dende pobos lonxanos cos sacos no carro, nunha besta ou ó lombo se viña de cerca.

Constaban de dúas partes: unha laboral, é dicir, onde se moía e outra como vivenda; tamén había un alpendre adosado para resguarda-los carros, bestas, etc.

As pezas das que consta un muíño, adamáis do rodicio xa citado hai outras que son:

- Polón: peza de madeira ou ferro, vai do rodicio á madeixa e faina andar.
- Madeixa: fai andar á pedra de riba.
- Pedras: molturan, moen os grans.
- Traque: peciña que fai andar ós grans.
- Cisnidoira ou peneira: separa a fariña do farelo.
- Poleas: fan move-la cisnidoira.
- Arqueta: para almacena-la fariña antes de botala no saco.
- Moega: recipiente onde se botan os grans.
- Tiradeira: para poñe-lo muíño en movemento.
- Torno: para montar ou desmontar as pedras.
- Angarela: para montar unha pedra enriba doutra.
- Paletas: para recolle-la fariña da arqueta.
- Maquíos: recipientes de medida para cobrar.

Cada día van quedando menos muíños destes en funcionamento, polo feito de que a xente deixou de cocer e compra o pan, xa que agora os panadeiros chegan a tódolos lugares.

Todos aqueles que teñan un muíño deberían restaurar, anque non fose para moer, senón como un recordo dos nosos antepasados. Non os podemos deixar acabar.

Veña, !!!ARRIBA CON ELES!!!

## ¿Como se elabora o lino?

- 1- Dende que a terra estea ben traballada (en Abril) seméntase a línaza.
- 2- En Maio, cando está a medio crecer, móndanselle as herbas.
- 3- En Xuño, recollese. - 4- Quitaselle a semente con ripo.
- 5- Lévase ó río e tense ar aproximadamente 35 días. - 6- Lávase e téndese para que seque.
- 7- Mázase, cunha mazucos de madeira.
- 8- Fanse madas
- 9- Métese no forno cando estea algo quente.
- 10- Táscase - 11- Ponse nunha roca e fiase cun fuso.
- 12- Fanse marañas - 13- Cócense - 14- Clareanse
- 15- Dóbase e fanse novelas - 16- Urdense
- 17- Lévase ó tear - 18- Fanse canelas para tupir.
- 19- Técese.

## VOCABULARIO

Línaza: Semente do lino.

Ripo: Trozo de madeira que ten uns dentes na cima.

Madas: Feixes pequenos

Tascar: Quitar a casca e deixar só a fibra.

Maraña: Fios xuntos.


Canelas: Carrete que se mete na lanzadeira.

Lanzadeira: Aparello que se mete no tear para tupir.

 5º de ESO.


# Na Cozinha Vella

A cozinha é o lugar onde se preparam as comidas. Tamen nela facíanse os fiadéiros ou fiandóns, nos longas noites do inverno, para fiar, parolar, cantar e tamén para xogar e as veces bailar o son do pandeiro.




- 1 sella
- 2 artesa
- 3 tallo
- 4 banco
- 5 Pote
- 6 Caldeira
- 7 barguin
- 8 angarela ou burro
- 9 gramalleira
- 10 combota
- 11 a lareira

# TREBELLOS AGRICOLAS



MALLO


Empregarse para desbulla-las espigas ó bater nelas. É unha evolución do sinxelo pali usado antigaamente.



RASTO GRADE OU GRADA

(G)


Serve para achisar despois de arado o terreo.



FOULCES FOUCIÑOS


(F)

Empregados para cortar herba, iresais (foucinos) xestas, toxos, (fouces).



FORCADA FORQUITA GALLAS

GADANIA CORNO PEDRA FERROS



Trebello para remexer e cargar nalla, herbas etc.

9 E. G. B.

José D. E.

Empregare, para cortar herba. A "gadaria" agúrcase coa redea. Para facer mais delgado o fio, "valrínase" cos ferrinós.

~~100~~

Alex


~~100~~

3º NIVEL


# TREBELLOS AGRICOLAS

## SACHO PICARAÑA RANÓ

Utilizados nos labores de escarda (racha do millo), manejo de esterio etc.




## EIXADA AIXADA LEGÓN



Empregáronse para cavar, romper, ubrir e outros labores, seguen en pleno uso, pero non a seren dos dos máis antigos trebello.

## MÁQUINA DE MALLAR DO S. XIX.

A debulladora ou máquina de mollar fixo desaparecer, coa súa aparición, os malleiros.



*Hote*

*José E.*  
*goseg*

*Alex*

3º NIVEL

# O CARRO

Há poucos anos os novos labregos facían todo o Transporte co cano, tirado por bois ou vacas. Os antecedentes do carro remóntanse á Idade do Bronce.

Atópase en Galicia diversas variantes do carro, presentando asimismo grande variedade os nomes das súas peças.


Usase para o transporte da herba seca, palla, millo, remolacha patatas etc.

Para xunqui-lo gando empéganse en Galicia

tres tipos de xugos diferentes.

Os xugos da "canga" xúngense ó pescozo. Os da mulida atopianse na cabeza dos animais, enriba dunha mulida, e suxitanse ós

11 cornos.



## O CARRO E A SÚA NOMENCLATURA:

1. estabullo ou fungueiro, 2. chedar,
3. socallo, 4. eixo, 5. chumaceira, 6. apeladoiras, 7. tufo,
8. cadea, 9. pecho, 10. caballo, 11. charolla, 12. canta, 13. olla,
14. zella, 15. mion, 16. feira.


Anabela  
Beatriz

Aurélio  
Rodríguez  
Cristina  
Cómplices

3º NIVEL

# O Arado


Unha das más antigas formas de arado, o «*aratum simplex*» dos romanos, é a «cambela». Feita aproveitando a camba natural dunha árbore á que se lle engadía unha «xella» de ferro, empregouse ata hai poucos anos nas montañas de Cebreiro, Asares e Coudel para romper no monte.



O arado do tipo chamado romano, empregáse ainda nos nosos días para movele terra.

Para xunghi-lo gando ó arado empregáanse en Galicia os loros, as corres ou os vincallos.

Tamén existían o pau ou cadeas empregados para unir dous xugados ou para arrastral-a grade.



*José* *Alex*  
3º NIVEL.

## SOCIEDADE COOPERATIVA «MELLOCARLO»

A Sociedade Cooperativa Mellocarlo é unha cooperativa formada por seis mulleres de distintos lugares deste Concello que se dedican a coidar persoas enfermas en casas ou hospitais.

Esta cooperativa formouse no ano 1995 en febreiro. Para formala tiveron que facer antes un curso. Estas mulleres prestan o servizo as 24 horas do día; que entre elas fan turnos.


Este traballo consiste en acompañalos enfermos, estar con eles, levalos ó médico, se é necesario, facerlle-la comida e a limpeza. Tamén realizan traballos de limpeza en locais comerciais ou outros organismos.

Gracias a este servizo, as persoas enfermas que non teñan quen as cuide, ou non as poidan coidar, poderán ser atendidas por estas mulleres.

Ademais de prestar servizo á xente, estas persoas acúderon un posto de traballo, tan necesario nestes tempos.

Veronica Varela Garcia 1º ESO.

IMPORTANTE ACHADO ARQUEOLOXICO



O Museo provincial presentou unha estela funeraria atopada en Crecente, nunha finca da familia de Iván Carreira de 6º, na parroquia de S. Pedro da Mera. Está considerada como a peza máis importante deste tipo localizada no norte peninsular. A peza do século II, está adicada a unha muller indíxena de 25 anos que debeu chegar a Lugo dende o sur de Galicia atraída pola importancia da capital.

O achado deu pé a que se estudie a creación en Lugo dun Museo funerario.

# noticias "noviñas" ...

- O meu papá foi operararse á Residencia. (MARTÍN).
- A miña mamá mancouse nun dedo co arado do tractor. (DIEGO)
- A miñ naixeme un irmán e vaise chamar Álvaro (RAQUEL).
- Os nenos de Guntín perderon co de Antas por 11 a 1. (SALVADOR).
- Os nenos de Guntín perderon cos de Monterroso por 17 goles a (CALEX).
- O can de lucia mordell a un neno que se chama Iván, López (SANDRA).
- A miña-mamá traballa no Seminario de Lugo. (ÁLVARO).
- A mamá Malme traerá brevemente para o Nadal (SÍMON).

- Eu vín' hera do depósto do puxín e moqueime na cana (RUBÉN)
- O can do meu primo arañoume e mordeu-me no coro. (ALBA)
- O meu papá mareouse e tivo que ir á residencia (ANA TABOADA).
- A minha cadelha trouxe un ano con 5 patas. (LÍS)
- O can grande de Fonteloa matou ó Pitigo de Casás (ANAV).
- Os meus primos caeron da bicicleta (EVÁ)
- Un dia que estaba xogando coa Ang. V. cortei me fincho levar e tive que ir á Residencia. (CARMAPA)
- Os meus pais mataron o gato de Forca. (LUCIA)

— NENAS E NENOS DE 5 ANOS —

(EDUCACIÓN INFANTIL)

“O saco dos disparates”

Eu teño un gato que  
conta ata catro.

A remolacha estaba moi bo-  
rracha.

A miña gorra fala cema  
unha cotorra.

A Iván non lle gusta  
o pan.

Tenho un rato que padece gato.

Vou no camión recogendo o ba-  
lin.

1º verso


# "OS NÓS OS AÑÓMAG"

Os de segundo fixemos un  
librinho no que describímos - los  
animais da nosa casa. E  
aquí copiamos - las súas páxinas.


Eu son Isabel e teno  
un gato, que se chama  
Isidoro. É manso e  
coriñoso. É pequenito,  
de cor amarela e o nariz  
rosa claro.  
Bebe leite.  
Pilla ratos porque é  
listo.



Chámame Silvia.  
Tenho unha vaca que se  
chama Rubia, nunca  
me dá patadas.  
Un dia saltouse da  
coleira e dixelle:  
«Vena, para a corte?»  
A vaca obedeceme e  
sempre lle quisieren  
maiso, maiso.




Son Simón  
o meu can chámase  
Noro e a miña  
cadelha Elina. I regi  
cos rectos; está  
pennada e logo  
regi porri.



Son Beatriz Isabel. Eu  
tenho cinco cans, o meu  
preferido é o mais peque-  
ño. Chámase Puchi-Puli,  
e é moi bonito.

É de cor marrón, ten  
muito pelo. É moi trax-  
te.

Cando vai de paseo sem-  
pre vén conigo, entra  
na casa e eu digoelle  
que eso non se pode facer  
e marcha. Cando saco  
a corda, corre detrás  
dela e xoga conigo.




Eu son Diego. Tenho unha  
besta e monto nela. Ten  
unha potrina, son bonitas.


Corre moiito e tamén de  
andadura.

Dolle moiito de comer  
e vón con elas ó prado.

Chámase Castaña




Eu son Pablo. Tenho  
una vaca que se chama  
Malu; é vella, tivo  
oito lecerros desde que  
a criamos e tempo que  
nollesta mamou nos  
outros. É gorda e non  
corre.



Eu son José Ramón.  
Zépo unha lesta, estaba  
prenda, pero abortou,  
é percherona moi ba-  
nita, de cor amarelo  
e marrón e nos patos  
ten un nouquén blanca.  
Era saltito moito nela.




Son Adrián e tivo  
un can que se chama  
Tobi. Gústalle xagarrar.  
Tódolos días me acom-  
panha á parada do  
autobús do colexio;  
tamén vai co meu  
adoz coas vacas.




Chámome Luis. Un dia  
eu ia correndo e o  
meu can coñeceme polas  
pernas e levounme arrastro  
e rachoume a camisa,  
era xogando.

Cando faió ven detrás  
de mi, e tamén vai  
coas vacas. Cando  
sal o trator zílese  
o remolque  
e fóllave andando  
e chega con ganas  
de comer.

Corre detrás dos gatos.




Son Noelia  
O meu gato chámase  
Miqui. Sempre anda  
detrás do papá. E  
para que o collan  
deitarse e ponse coas  
patas parariba, ven  
o papá, colleo e xa-  
gar con el.



## «Un campo de Rosas»

Pasei eu por onda un campo,  
Repleto de flores "rojas"  
As bolboretas más fermosas revolteaban scanto ás rosas.  
A más fermeza delas subía a unha alta torre,  
Torre de marfil bordada con ouro,  
Tesouro fermezo para unha princesa,  
Repleto de socias.  
E moita mullera,  
Allí a princesa miraba pra elas,  
Co seu Corazón cheo de emoción,  
Disco con forte voz:  
Nunca pensei que me namoraría,  
e menos durr campo.

Ernestina Rodríguez Andrade  
4º



## □ A M E R

O amor é un sentimento  
que se leva moi dentro  
no interior do corazón  
Non se sabe como  
nun Tampouco cando  
pero é algo que xode  
e non se pode olvidar.  
Nace entre dúas persoas  
que se empexan a amar,  
sin ser por mal  
non se poden separar.  
Non te dás conta  
pero logo pasa  
e pronto se vai.  
O malo desto  
é que ó final;  
no teu corazón  
queda unha ferida  
que custa moito curar.  
Parece imposible olvidar  
mais co paso do tempo,  
esquícese, e non se volve recordar.  
Son cousas da vida  
polas que todos  
temos que pasar  
fan dano, pero non se pode evitar.

Pedro Belaixas  
41

EDUCACIÓN

INFANTIL



4 AÑOS

NOCHE


LUA



LLE




JOSE MANUEL PENIN



LAURA



# A DISCRIMINACIÓN



Roberto Latorre Alvarez 1<sup>a</sup> E.S.O.

# O DETECTIVE HIOR

Un socio mellor ca mim

1º ESO

Javier Rey






GRACIAS  
IPOLÓ  
CUBO  
PORTA 3

IPUN  
IPUN  
ABRIDE



VOSTEDENON OUE-  
RIA UN SOCIO QUE  
O AXUDASE

NON  
SERÁ UN  
CAN COMA A  
ULTIMA VEZ







SI


ANDA  
ALLO  
VEN



NON SEI PORN  
QUE PREFIRO  
IRA PE



Carlos Rey



## "Unha flor e unha abella"

Era unha vez unha abella. A abella vivía soa pero un día atopouse cunha flor e díolle: - ¿Es miña amiga?

- Si.

Pero un día foille chupa-la zume e díolle: - Se me chupa - o zume non son amiga túa.

- E que o teñó que chupar porque teñó que facer mel.

- Para que? - Díolle a flor.

- Para a xente pobres que non teña carne, nin pan, nin manteiga, nin patatas...

Noelia Pérez 2º de E.P.

## O rato travieso

Era unha vez un rato travieso que sempre facía trastados. Un día un señor estaba dormindo debaixo dunha árbore e o rato travieso tiroulle polo pelo e o señor moi enfadado levantouse e pegoulle co bastón. O rato pediulle perdón. Prometeulle que nunca máis o ía facer.

Eva Fernández Castro 1º

# A FLORMÁXICA

Erase unha vez unha flor que estaba nun bosque. N aquel bosque xa había tempo que non existían outras flores. Estaba tanto ó sol que xa non podía aguantar máis. Naquelas tempas solo quedaban setas e algúnhas follas que caían dos carballos.

Non sabía que comer e as súas follas estaban mustias. Estaba tan aburrida! desexaba andar como a xente que pasaba por ali. Pero unha noite as cousas foron diferentes. A maña seguinte moouuse máis liceira e entón decatouse de que podía andar.

Desde aquela andaba pero unha noite cando dormía un neno atopouna e non como non sabía que a flor era máxica volvella plantar. O día seguinte a flor non se podía mover estaba outra vez plantada; ela pensaba que todo fora un sono.

Unha nena que pasaba por ali colleu a flor e levouna á súa avoa que que a meteu nun floreiro e desde aquela foi feliz porque tiña o necesario para vivir, e as súas amigas.

Silvia Rodríguez  
2º ciclo 1º Nivel

## AS ZOCAS MÁXICAS

Non hai moito tempo áinda, había un pobo pequeno pero cheo de alegria, onde tódolos domingos era festa. Non era moita cousa, pero era moi animado. As mozas bailaban muiñeiras e facían moi ben, cos seus traxes, as zocas e todo o demais. Menos unha rapaza, Uxía. A súa familia non tiña moitos cartos, e non lle podían comprar ningún traxe. Pero as zocas sí que as tiña, e eran moi bonitas.

Un domingo, despois da romaría, a pequena foi para casa, quedaba no medio do monte, e tivo que pasar por unha ponte de madeira vella. Na ponte había unha serpe. Uxía tiñalle moito medo, pero pasou coma se nada. Cando xa estaba do outro lado, a ponte comezou a moverse e caeu. A serpe quedou pendurada dunha corda. Uxía tiña moito medo, pero non podía deixar aquel animal ali colgado, e foi por ela. A serpe converteuse nun anxo e díolle:

-Por axudarme vouche dar un meigallo. As túas zocas convertiranse nunhas zocas máxicas. Calquera cousa que desexes, farase realidade.

Uxía foi correndo para a casa, a contarllo ós seus pais, pero non a creron, dixerolle:

-Ti moito soñas, e se iso é verdade, que apareza aquí agora mesmo un pan de centeo. Uxía intentouno pero nada.

Así que foi correndo á ponte a falar co anxo e el díolle:

-Perdoa Uxía, esquecinme de che dicir como funcionaban as zocas. Mira tes que dar catro toques coa parte de atrás da zoca e pedi-lo teu desexo, pero tes que ter moito cuidado porque se alguéun te ve pedindo o teu desexo o meigallo das zocas desaparece.

Foi correndo para a casa e pediu que a súa familia nin a ningunha outra lles faltase de nada. Logo pediu un traxe de galega. O día seguinte cando foi bailar a xente preguntábase como lle poideron comprar o vestido a Uxía. Pero a más estrañada era Carme, ela era unha envexosa e non lle gustou nada o que viu e decidiu seguir a Uxía ata descubri-lo que pasaba. Pasou un mes e a Carme o que lle estrañaba era que Uxía sempre tiña as zocas postas.

Un día Uxía ía formular outro desexo e Carme andaba por alí axexando. Uxía deu catro toques e dixo: "quiero que os poderes das zocas desaparezcan" e desapareceron porque Carme o viu. Uxía deixou as zocas encima da escalaera porque pensou que xa non tiñan uso. Carme colleunas e púxolas, deu catro toques e dixo: "quiero ser a pequena más rica do mundo", pero o desexo non se cumpliu e o anxo púxose diante e díolle: "por curiosear e por colle-las cousas dos demais mereces un castigo. Tes que dar unha volta ó mundo e facer cen boas accións senón serás castigada con mil azoutes que as zocas che darán".

Carme andou polo mundo adiñe facendo boas accións.

Colorín, colorado  
este conto  
xa é  
rematado.



Hugo

## O SEISCENTOS

Había nunha pequena aldea un home chamado Ramiro que tiña un 600 xa pedindo billete de camiño ó desguace. El era pobre e non tiña cartos para mercar outro, sen embargo, non se podía desfacer do seu vello coche polo cariño que lle tiña; non facía máis que dicir: "Ai, meu 600 querido, nunca me podería separar de ti!".

Nun verán destes que quenta moito o sol, chegou ó pobo un rapaciño nun MERCEDES dos máis caros; que polo visto debía de haber pouco que sacara o carné, xa que áinda non se manexaba moi ben con el. Baixouse do coche e viu ó Ramiro co seu 600 e dixo con moita mofa: "¡Que cazola!" Entón o Ramiro contestoulle moi serio, e os dous comenzaron un debate interminable. Parecían Felipe e Aznar discutindo cousas referentes á política. O rapaz, chamado "O Sacristán", empezou a cansarse e díxolle: "Se non fose que son moi educado, collía e pinchábase unha roda." El moi cabreado retouno a un desafío. O acordo quedou así, de ali a tres días na curva do Carozo Vello.

E así foi; estaban Ramiro e maílo "Sacristán" acendendo os motores na saída. Tódolos veciños estaban alí para presencia-lo encontro. Un dos veciños deu a saída e o 600 e o Mercedes comenzaron a correr.

Había unha gran diferencia. O Mercedes do "Sacristán" ía a fume de carozo, pero o 600 ía lento, Ramiro parecía levalla cousa con calma. Para facer mofa del o Sacristán paraba cada pouco tempo no camiño marcado ata que chegara Ramiro.

Como é moi listo, Ramiro deuse de conta do xogo que lle facía, e entón meteuse por un camiño de cabras, xa que o seu coche era pequeno e collía por calquera sitio. O Sacristán canso de esperar co motor aceso, marchou camiño da meta todo confiado coa victoria. Pero...¿Cal non sería a súa sorpresa? O chegar viu que tódolos veciños levaban a hombros a Ramiro.

Entón decatouse do seu gran erro e escapou morto de vergüenza sen que ninguén o vise.

Ramiro estivo más orgulloso do seu 600 ca nunca.

Beni López 8º

## ...DEICA LOGO...

A profesora de 2º,Dona Mari, déixanos este ano xa que solicitou a xubilación anticipada.

Ante este acontecemento, os que agora imos en 6º e fomos os seus alumnos en párvulos,fixémoslle unha pequena entrevista que a continuación podedes ler.

*Pregunta: Sabemos que se vai xubilar este curso. ¿Pódenos deci-lo motivo?*

*Resposta: Levo moitos anos traballando e xa é hora de irme.*

*P: ¿Cantos anos estivo neste colextio?*

*R: 14 anos largos, pero agradables.*

*P: ¿Sempre estivo dando clase ós más cativos?*

*R: Si, primeiro Educación Infantil e agora Educación Primaria.*

*P: ¿Sabería decirnos dalgunha anécdota que lle acontecése cos seus alumnos?*

*R: Pois sí. Un cativo de párvulos preguntoome se era nai ou avoa. Contestéille que era nai, pero o rapaz díxome que parecía unha avoa.*

*P: ¿Antes deste Colexio, estivo noutras?*

*R: En varios: Viveiro, Vilanova de Lourenzana e nun pobo de Baleira.*

*P: ¿Cal é o mellor recodo que se leva do Colexio?*

*R: Os nenos, áinda que ás veces co seu comportamento enfadáronme un pouco, nunca os olvidarei.*

*Ben, pois de parte de todos os nosos compañeiros, reciba unha grande aperta.*

*Belén, Yolanda e Rafael.*

---

Un records para todos os compañeiros e  
 persoas coas que algúns modos tiven re-  
 lación. A todos eles, a todos vos "meus nenos"  
 unha aperta .

*Mari*

## ENTREVISTA A UN FUTBOLISTA EX-ALUMNO DESTE COLEXIO

- Para comezar complétano-la túa ficha:
- Nome e apelidos: -IVAN CAMPOS VAZQUEZ
- Lugar de nacemento: -GUNTIN.
- Idade: -17 ANOS.
- E agora imos coas preguntas. ¿En que equipo xogas e canto tempo levas aí?
- NO LUGO. 5 ANOS.
- ¿Cando empezaches a xogar ó futbol e onde?
- OS 12 ANOS. NO LUGO.
- Iso quere dicir que áinda estabas no Colexio cando comezaches en serio ¿Como fuches parar a ese equipo?
- MEDIANTE UNHA PROBA QUE ME FIXERON.
- ¿Levoute alguén ou viñéronte buscar?
- FUN EU, CHAMARONME E FUN.
- Fioche difícil chegar a onde estás?
- BAH...NON, NON FOI MOI DIFICIL.
- Coa experiencia que ti tes ¿paréceche que calquera bon xogador do noso Colexio ou doutro do rural pasa a xogar no Lugo?
- SI, HAI QUEN PODE CHEGAR.
- ¿Que lles aconsellarias a rapaces que empezan a xogar?
- QUE SE PRESENTASEN A UNHA PROBA.
- ¿Cantas horas entrenas ó día?
- 2 ou 3.
- ¿Eche posible compaxina-los estudios co fútbol?
- SI.
- Volvendo ó teu equipo ¿En que posto vai na liga?
- XA ACABOU E QUEDAMOS POLA METADE DA TABOA.
- ¿Cantos goles metiches na liga desta tempada?
- 3.
- ¿De que xogas?
- NO CENTRO DO CAMPO.
- ¿En que pensas antes dun partido?
- EN GAÑAR.
- ¿Tes confianza en ti coma para chegar a la división?
- SI.

-Xogando no Lugo e destacando ¿é fácil chegar a un equipo como o Real Madrid?

-NON, NON E FACIL.

-¿En que equipo español che gustaría xogar?

-NO BARCELONA.

-¿E do estranxeiro?

-NON. EN NINGUN.

-¿Quen é o teu ídolo?

-RONALDO.

-¿Qaen é o teu representante?

-NON TEÑO, PERO A VER SE O ENCONTRO.

-¿Que tal o tema económico?

-BEN. NUNCA ME PAGAN...

-¿Tes medo de sufrir unha lesión que te deixe fóra do fútbol?

-SI.

-¿Deixaría-la familia polo fútbol? Entendemos por deixala ter que irte a vivir a outra parte?

-SI.

-¿Xogaches noutros equipos?

-NON.

-¿Tiveches ofertas doutros equipos?

-ALGUNHAS.

-O estar onde estás ¿Axúdache a ligar coas rapazas?

-NON.

-¿Tes moitas "fans" ?

-NON.

-¿Que che gustaría ser despois de futbolista?

-NON SEI AINDA,

-Se poideses comenzar de novo outra vez ¿recorrería-los mesmos camiños?

-SI.

-Moitas gracias. Desexámosche éxito e moita sorte.

Preguntas: 8º curso.

Entrevista: Héctor e Ainara.

## OUTRAS ACTIVIDADES

Este ano no C.P Guntín con pequenos e pequenas dos diferentes cursos, formouse un grupo de teatro. Ata agora nunca habera un grupo así, que actuara en todas as celebracións. Anteriormente os profesores facían pequenas obras.

Este grupo conta cun profesor especializado en arte dramático chamado Ismael.

Este Nadal, representáronse diversas obras como por exemplo "O pincel máxico", e "Dende o corazón do bosque". As actuacións estiveron animadas polas palasas Grispiñ e Bimba, (Alumnas do centro). Estas obras acadaron moito éxito, tanto que no mes de Xaneiro foron repetidas nunha sesión de noite para que os pais, familiares e vecinos puidesen ver esta marabilla.

Neste momento estánse a ensaiar obras como "A farsa das zocas" e outras con motivo de conmemoración das Letras Galegas e fin de curso.


Esperamos que pais, avós, irmáns e alumnos asistan a esta espectacular representación.

Ademais destas clases de teatro hai outras de música, dirixidas por unha profesora chamada Pili.


A estas clases van unha serie de alumnos dos cales, algúns foron escollidos para ir a televisión de Lugo.

Polo Nadal cantaron villancicos e fixeron boas actuacións. Tamén participou este grupo nun recital organizado polo Concello: "Guntín canta o neno", que tivo lugar na Igrexa de Guntín en Nadal.

Neste momento están ensaiando actuacións con instrumentos para o día das Letras Galegas.



# NARRATIVA XUVENIL



AUTOR: Angela Sommer - Bodenburg

ILUSTRACIÓNS: Helga Spiess

EDITORIAL: Austral Juvenil

EDICIÓN: 1988


Florían é un neno que está enfermo e moi aburrido. Entón para evitalo pídelle ós seus pais e a súa avoa que lle contén historias de medo. Algunhas delas son a de Bárbara, a nena fantasma ; Harry o neno vampiro que mata os seus pais, Wolfgang, o neno lobo, etc.

É un libro que vos recomendo, porque é super interesante.

Sonia García

Moncho vive no ano 1985 en Galicia. Dríar vive no ano 5045. Un día, Dríar cunha máquina do tempo construída no seu mundo atopa a Moncho e fanse amigos.

Cando Moncho ten que voltar a súa casa, para non deixá-lo seu novo amigo, contalle todo o seu paí e chegando a resolver os problemas de adoptar a Dríar, Moncho agora ten un irmán.



Tania Pé Rodríguez

# COMPETICIONES DEPORTIVAS

RESUME DO QUE FOI ESTE ANO NO DEPORTE ESCOLAR realizado polos alumnos nas diferentes competicións. En campo a través intentarou chegar á medalla aínda que foron poucos os que o conseguiron. Eu partidos houbo cara e cruz:

Por unha parte os equipos de fútbol e baloncesto (Infantil feminino e masculino) loitaron polo título.

E por outra os equipos de fútbol (Alevín e Benxamín) acabaron na parte baixa da táboa sin poder vencer.

E xa para rematar falamos de atletismo:

Houbo 2 probas clasificatorias para a final provincial que nos levará os campionatos galegos, onde nos encontraremos os 8 mellores atletas de Galicia en cada proba.

PX - partidos xogados

GF - goles a favor

PG - partidos gauados

GC - goles en contra

PE - partidos empatados

CF - cauastas a favor

PP - partidos perdidos

CC - cauastas en contra

PTS - puntos

	PX	PG	PE	PP	GF	GC	PTS
MONTERROSO 2	5	5	0	0	41	10	15
MONTERROSO 1	5	4	0	1	27	10	12
TABORDA	5	3	0	2	21	13	9
TRIOL	5	2	0	3	16	27	6
ANTAS DE ULLA	5	1	0	4	17	16	3
GUNTÍN	5	0	0	5	5	41	0

CATEGORIA:  
BENXAMÍN

DEPORTE:  
FÚTBOL SALA

	PX	PG	PE	PP	GF	GC	PTS
PALAS DE REI	8	7	0	1	49	18	21
MONTERROSO 1	8	5	1	2	43	20	16
TABOADA	8	5	1	2	42	25	16
ANTAS DE ULLA	6	3	0	3	25	21	9
MONTERROSO 2	6	2	0	4	16	23	6
GUNTIN	6	1	0	5	7	36	3
FRIOL	6	0	0	6	6	40	0

CATEGORÍA:  
ALEVÍN

DEPORTE:  
FÚTBOL SALA

CATEGORÍA:  
INFANTIL FEMENINO →  
DEPORTE:  
BALONCESTO

	PX	PG	PE	PP	CF	CC	PTS
GUNTIN	1	1	0	0	39	8	3
MONTERROSO 1	1	0	0	1	8	39	0

	PX	PG	PE	PP	GF	GC	PTS
GUNTIN	3	3	0	0	8	1	9
PALAS DE REI	3	2	0	1	12	2	6
TABOADA	3	0	1	2	1	5	1
FRIOL	3	0	1	2	3	16	1

CATEGORÍA:  
INFANTIL FEMENINO  
DEPORTE:  
FÚTBOL SALA

CATEGORÍA:  
INFANTIL MASCULINO  
DEPORTE:  
BALONCESTO

	PX	PG	PE	PP	CF	CC	PTS
MONTERROSO 1	2	2	0	0	33	12	6
TABOADA	2	1	0	1	21	22	3
GUNTIN	2	0	0	2	11	31	0

	PX	PG	PE	PP	GF	GC	PTS
TABOADA	7	6	0	1	35	14	18
GUNTIN	7	5	0	2	41	19	15
ANTAS DE ULLA	6	3	2	1	30	21	11
MONTERROSO 2	6	3	1	2	22	24	10
MONTERROSO 1	6	2	1	3	20	26	7
FRIOL	6	1	0	5	12	29	3
PALAS DE REI	6	0	0	6	12	37	0

CATEGORÍA:  
INFANTIL MASCULINO  
DEPORTE:  
FÚTBOL SALA

# ATLETISMO 97.

CAMPEONATO PROVINCIAL:

- PRIMEIROS POSTOS:

Isabel Basadre Pérez, en lanzamiento de peso e disco, 8º.

David Vázquez Blanco, en lanzamiento de Xavalina, 8º.

- SEGUNDOS POSTOS:

Mª del Carmen Fernández Castro, en lanzamiento de peso, 5º.

David Vázquez Blanco, en lanzamiento de peso, 8º.

Héctor Carreira Santoalla, en 150 m., 8º.

- TERCEIROS POSTOS:

Pablo López Mourenza, en lanzamiento de disco, 8º.

Héctor Carreira Santoalla, en 80m., 8º.

Sonia Rodríguez Miragaya, en lanzamiento de disco, 8º.

Sonia García Avelairas, en lanzamiento de peso, 6º

Marcos Zolle Castro, en salto de altura, 1º E.S.O.

Verónica Varela García, en 80m., 1º E.S.O.

## TROFEOS E RÉCORDS CONSEGUIDOS

- TROFEOS:

Campo atraves 2º posto, provincial (Infantil Femenino).

Baloncesto, 1º posto na Zona, 3º posto Provincial (Infantil Femenino).

Fútbol Sala, 1º posto na Zona, os Provinciais están en Xogo (Infantil Fem.)

- RÉCORDS:

Isabel Basadre Pérez, lanzamiento de peso (M'91) e en lanzamiento de disco (34'20), 8º.

Sonia Rodríguez M.

FEITO POR:

J. Díaz L. S. S. 57

## PÁXINA DE HUMOR

Algunxs nomes dos ministros xaponeses:

M. de Sanidade e Consumo:NIKOMO NIKAGO

M. de Traballo:NIKITO NIPONGO

M. de Asuntos Exteriores:DAKOSA TODIDA

M. de Facenda:MIKEDO KONTODO

M. de Información:NISELO KEPASA

Xeneral Xefe das Forzas Aéreas:SIKAIGO MIMATO

-Entre doux tollos:

-A ver se adiviñas o que teñó  
na man.

-Un elefante.

-Non vale,víchelo.

-Doutor,doutor,séntome mal.

-Pois séntese ben.

Van dúas serpes polo monte  
e unha dille a outra:

-¿Somos venenosas?

-Non o sei,¿por que?

-Porque mordín a lingua.

-Escoite,¿gústanlle os touros?

-Si.

-Pois ten o mesmo gusto que as vacas

-¿A que non sabes que animal da máis voltas  
ó morrer?

-O polo asado.

-¿Porque as mulleres de Lepe levan a man enriba dos  
ollos?

-Porque este ano lévase a sombra de ollos.

-¿Porque lle fas ese agasallo  
tan espléndido ó doutor?

-pregunta un amigo a outro.

-E que él asistiu a miña sogra  
e eu son moi agradecido.

-¿Curouna?

-Non,morreu.

-¿A que non sabes como sale unha  
vaca dun pozo?

-Mollada.

-Nunca olvidarei a última frase do meu pai:

-¡Paco,non move-lo andamio...!

-Unha cerdiña a sús nai:

-¡Nai,nai!¿Porque teñó un buraco no  
cú.


-Porque se o tiveras na espalda  
serías unha hucha.

-¿Canto costa o autobús?

-95 pesetas.

-Báixense todos que o vou mercar.

6º curso



# chistes


Un home busca muller emperouse en que tina que ser negra.

Por que ten que ser negra, se hai moitas blancas e guapas?

- Estou de leito ...

Atopanxe dous peixes:

- Hola ¿que fai teu pai?  
- Nada...




Un interno chora no patio do cárcere. Un compañoiro pregunta o por que:

- E que me bataron 40 anos.

- Non home, non ti non tés máis de 20.

Antón pregunta  
- ¿Que hora lleras?  
- As dez menos dez.  
- Sógo non lleras ningunha

5º E. PRIMARÍA



Xan quere chamar a un restaurante. Contéstolle dun manicomio.

Xan pregunta:



- ¿Ten centolos?  
- Non, temos millos.

# PASATEMPOS

Atopa 6 nomes referentes á nosa localidade

G	O	M	E	L	L	E	I	H	U
R	U	D	E	O	U	O	N	A	O
V	V	I	A	O	H	O	E	S	A
I	N	T	U	S	O	L	H	A	R
L	I	T	F	L	L	U	O	A	I
A	T	U	M	E	V	V	E	R	E
M	N	N	M	H	R	K	F	U	R
E	U	O	O	T	Q	R	S	R	R
A	G	R	O	L	O	S	O	H	E
N	L	O	U	S	A	D	A	I	F

RESOLVE:




Nome de fruta



Fai referencia a palla

~~Hugo~~

# PASATEMPOS



¿Chegará o rato ó queixo  
sen caer nas trampas?

Coloca as palabras  
no lugar correspon-  
dente.

22

ESTERNO CLEIDO-  
MASTOIDEO

10

TERREMOTOS  
HOLOCAUSTO

8

4 ELEFANTE  
CRUZ MACARENA  
CAMA CANTANTE  
ATUN

7

13 VALVULA  
RIA CAMIONS  
NON


6

12 GALEGO  
SI ROMANA  
DIARIO

5

TELLA  
FIDEO

Jesús



Luis López Herra

Nós os de oitavo  
querémonos despedir  
aínda que nos custe traballo  
de aquí ímonos ir ó fin.  
Botaremos de menos ós mestres  
e ós compañeiros tamén.  
Compañeiros novos teremos que conecer  
e aínda que nos acostumbremos  
Botaremos de menos estes compañeiros  
que tanto queremos.

Con tristura no corazón  
decimos p'les <sup>cc adeus :)</sup>

Pembradevos de nós e deixádenos un rincón  
dentro do voso corazón.

José Sarría

Este é o noso último ano  
e querémonos despedir  
de toda a xente que queda aquí.  
Muito tempo estivemos,  
muitos amigos fixemos;  
e algén que outro contigo tamén merecemos,  
pero a pesar de todo, en golla vos botaremos.

(S.A.G.)

Por último despedímonos de todos vós, lectores deste periódico, coa esperanza de que vos gustase e de que pasáxedes un momento agradable, xa que o fixemos con todo o noso cariño. Rematamos, pero haberá novas ediciones en anos sucesivos.

Boku

¡ADEUS!

DESPEDIDA